

1. DATOS INICIAIS

Titulación	POP ESTUDIOS DE XENERO
Materia	333110305 ORIENTACION PROFESIONAL E XENERO
Carácter	OBRIGATORIA
Curso	1º
Créditos	3
Cuadrimestre	2º
Departamento	Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación
Área de Coñecemento	Métodos de Investigación
Centro	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

2. INTRODUCCIÓN Á MATERIA

As persoas desenvolven distintas actitudes persoais e sociais ante o traballo, em función do seu sexo e de como se dividiron as funcións laborais, pola pertenza a un xénero ao longo das diferentes culturas.

Reclaman axuda para afrontar a resolución dos problemas relacionados coas súas necesidades en xeral e, máis concretamente naquelas etapas de transición nas que teñen que afrontar decisións vocacionais e profesionais. É nesas etapas nas que as administracións educativas (a través dos seus Institutos de Educación Secundaria, Centros de Formación Profesional Específica, Universidades, etc.) e as laborais (a través dos seus servizos de emprego e dos que pertencen aos centros colaboradores), que teñen que ser capaces de xerar respostas para axudalas a adecuarse ós cambios sociais, culturais e económicos, e integralas en contextos cambiantes, desde unha perspectiva de aprendizaxe permanente ó longo da vida, tendo acceso ás mesmas oportunidades e recibindo o mesmo trato. Para esta tarefa esencial, precisan de profesionais da Orientación.

As grandes transformacións que se están producindo nos diferentes ámbitos da sociedade fan da información e a orientación unha necesidade para axustar ás persoas á formación e o emprego.

A orientación profesional debe concibirse como un proceso a desenvolver durante toda a vida académica e laboral das persoas, especialmente naqueles momentos nos que teñen que elixir estudos, profesión ou emprego. Ata agora mulleres e homes optaron por oportunidades diferenciadas en función do seu sexo, como consecuencia dun xénero construído de xeito desigual. Neste proceso continuo de axuda ás persoas en tódolos ámbitos (persoal, educativo, social e laboral) co que se pretende potenciar o desenvolvemento integral ao longo da vida, a muller debe ter as mesmas oportunidades e trato que os homes.

Para a profesionalización como Orientadora ou Orientador Profesional, compre adquirir as competencias xerais, específicas e transversais que permitan realizar labores de información, acompañamento e axuda ás persoas nas tomas de decisións vocacionais, profesionais e laborais, a través do asesoramento colaborativo ós profesores/as na súa labor docente e titorial, e directamente ás cidadás e cidadáns e ás empresas e organizacións, de acordo co que demandan as sociedades actuais, partindo das referencias históricas, conceptuais e legislativas que lle dan soporte á Orientación Profesional dende o seu nacemento ata hoxe, nunha perspectiva integradora e igualitaria.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

3.1. Xerais:

1. Relacionar a evolución do feminismo co nacemento e desenvolvemento da Orientación Profesional
2. Analizar con perspectiva de xénero, os principais enfoques e modelos de Orientación Profesional.
3. Identificar as necesidades, e valorar a realidade das bases e funcións da Orientación nos distintos contextos profesionais, educativos e laborais en relación á situación das mulleres.
4. Analizar o deseño, realización, utilidade e avaliación de servizos e programas de Orientación Profesional nos distintos niveis do sistema educativo, e no ámbito laboral, nunha perspectiva de xénero.
5. Coñecer os procesos de identificación das principais variables que inflúen na toma de decisións vocacionais, en función do sexo.
6. Identificar técnicas, recursos e instrumentos da intervención orientadora, nos ámbitos educativo e socio-laboral, útis para traballar a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.
7. Avaliar as principais variables que inflúen na toma de decisións vocacionais das mulleres.
8. Introducir a perspectiva de xénero no deseño dos Plans e/ou programas de Orientación Profesional.

3.2. Específicos

1. Diseñar programas de Orientación profesional non discriminatorios.
2. Elaborar Consellos Orientadores con perspectiva de xénero.
3. Planificar servizos e actuacións de Orientación, educativa, profesional e laboral con perspectiva de xénero.

4. COMPETENCIAS

Tomando como referencia as últimas aportacións da bibliografía especializada e da lexislación relativa à reforma universitaria, entendémos a competencia profesional como *a capacidade de aplicar coñecementos, destrezas e actitudes ó desempeño dunha ocupación, incluíndo a capacidade de resposta a problemas imprevistos, a autonomía, a flexibilidade e a colaboración co entorno profesional e coa organización do traballo* (RD 797/1995; BOE del 10-VI).

	Competencias da materia (xerais e específicas)	Competencias de titulación relacionadas (as que contribúe)
1	Aplicar os modelos de orientación con perspectiva de xénero.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
2	Saber identificar as necesidades das mulleres, e diagnosticar situacións educativas e de orientación profesional.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
3	Desenvolver a función Orientadora nos distintos contextos profesionais, educativos e laborais con perspectiva de xénero, asesorando ao profesorado, familias, sociedade e organizacións para a coeducación.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
4	Aplicar a perspectiva de xénero nos servizos e programas de Orientación Profesional nos distintos niveis do sistema educativo, e no ámbito laboral.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
5	Identificar as principais variables que inflúen na toma de decisións vocacionais, en función do sexo.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
6	Manexar técnicas, recursos e instrumentos da intervención orientadora, nos ámbitos educativo e socio-laboral, útis para traballar a igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
7	Identificar variables que inflúen na toma de decisións vocacionais das mulleres.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
8	Elaborar programas de Orientación Profesional con perspectiva de xénero.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
9	Elaborar o Consello Orientador con perspectiva de xénero.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13
10	Actuar con ética, aplicando a confidencialidade no manexo de información relativa á acción orientadora de mulleres e homes.	Xenèricas: 1, 2, 8 Específicas: 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 12, 13

5. CONTIDOS

- T1.- A Orientación Profesional nos ámbitos educativo e laboral. Modelos
- T2.- A Orientación profesional nos ámbitos educativo e laboral. Modelos
- T3.- A segregación por razón de sexo, na formación, a orientación e a inserción laboral.
- T4.- A acción orientadora con perspectiva de xénero.
- T5.- Técnicas e instrumentos para unha acción orientadora non sexista.
- T6.- O deseño da acción orientadora; plans, programas e boas prácticas de orientación con perspectiva de xénero.

6. PLANIFICACION DOCENTE

	Horas presenciais	Horas de traballo do alumno/a	Total
Clases teóricas	5	10	15
Clases prácticas	5	10	15
Titorías (on-line)	5	5	10
Aprendizaxe/actividade autónoma dirixida (individual)	0	35	35
TOTAL	15	60	75

7. METODOLOXIA DOCENTE

A materia desenvolverase en torno a cinco unidades teórico-prácticas, que inclúen un conxunto de actividades presenciais e on-line, lecturas de documentos, análise de produtos, e titorías personalizadas, presenciais ou electrónicas.

A principal estratexia consistirá no desenvolvemento progresivo dos contidos teóricos e a realización de casos prácticos.

Os principais métodos e técnicas que se emplearán son:

1. Exposicións e demostracións docentes.
2. Elaboración de documentos técnicos e traballos individuais.
3. Presentación de casos.
4. Participación en foros, chats e resolución de exercicios on-line.

Metodoloxía	Descrición	¿Implica atención personalizada ao alumno/a?
Lección maxistral	Impartición de clases explicativas dos contidos máis relevantes de cada Unidade., de cara a unha boa conceptualización de base, que fundamente o exercicio profesional.	SI
Clases prácticas	Demostración docente acerca de como afrontar a acción orientadora con perspectiva de xénero	SI
Resolución de exercicios e problemas	Proposta de diversos casos que a alumna/o deberá resolver on-line.	SI
Análise de situacións	Chats propostos a través da plataforma da Universidade	SI
Aprendizaxe colaboradora	Foros propostos a través da plataforma da Universidade.	SI
Outros (especificar)	Lectura de documentos, traballo autónomo, realización de produtos terminais, en contacto coa práctica educativa real.	SI

8. ATENCIÓN AO ALUMNO/A

Por medio da acción tutorial individual e grupal, a alumna/o poderá recibir orientación e asesoramento persoalzado a través de estratexias proactivas e reactivas. Isto é por medio de citacións ou atendendo ás consultas efectuadas polo alumnado.

A tutoría poderá ser presencial, por medio de correo electrónico, foro ou chat, nos seguintes enderezos:

Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
 Pavillón 1-despacho 5. 3º andar
 Avda. De Castelao s/n. 32004 OURENSE
 Tfno: 988387196
mvalcarce@uvigo.es
 Plataforma: FAITIC/Claroline Universidade de Vigo

9. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Metodoloxía	Cualificación (Sobre 10)
Probas escritas (resolución de problemas educativos)	25% (2,5 puntos)
Traballos e proxectos	50% (5 puntos)
Técnicas baseadas na participación do alumno/a	25% (2,5 puntos)

Observacións: recomendacións, pautas para a mellora e a recuperación, etc.

O alumnado poderá formular propostas de actividades que pudesen interesarlle especialmente para a súa práctica profesional futura, recibindo as orientacións oportunas de cara a que poda realizalas e aprender por descubrimento propio, a tenor das suxerencias e orientacións docentes e da súa propia autoavaliación.

Tamén poderá repetir aquelas actividades nas que non acaden os obxectivos previstos, previo repaso do estudado ou consultando outras fontes bibliográficas a maiores das manexadas inicialmente, especialmente recomendadas pola docente.

10. RECURSOS E FONTES DE INFORMACIÓN

Recursos e fontes de información básica

AEOEP (1990). La reforma educativa: un reto para la orientación. Valencia: AEOEP.
 ÁLVAREZ ROJO, V. (1995). *Orientación educativa y acción psicopedagógica*. Madrid: EOS.
 ÁLVAREZ, L. e SOLER, E. (1996). *La diversidad en la práctica educativa*. Madrid: CCS
 ÁLVAREZ, M., e BISQUERRA, R. (1997). *Manual de orientación y tutoría*. Barcelona: Praxis.
 BISQUERRA, R. (Coord.) (2002). *La práctica de la orientación y la tutoría*. Barcelona: Praxis.
 BISQUERRA, R. (Coord.). (1998). *Modelos de orientación e intervención psicopedagógica*. Barcelona: Praxis.

CAMPOY, T.J. e PANTOJA, A. (2000). Orientación y calidad docente. Pautas y estrategias para el tutor.

CASTILLO ARREDONDO, S. (1998). *Acción tutorial en los centros educativos: Formación y práctica*.

COMELLAS, M^a J. (2002). Las competencias del profesorado para la acción tutorial. Barcelona: Educación Infantil y Enseñanza Primaria. Madrid: Escuela Española.

FERNÁNDEZ BLANCO, A. (1998). *La acción tutorial en educación primaria y secundaria*

GARCÍA NIETO, N. (1995). *La tutoría en la educación secundaria: segundo ciclo E.S.O.* Departamento de Orientación; Madrid: ICCE, D.L.

GIL MARTÍNEZ, R. (1997). *Manual para tutorías y departamentos de orientación: Educar la autoestima, aprender a convivir*. Madrid. Escuela Española

GOSALVEZ, A. (1990). Técnicas para la orientación psicopedagógica. Madrid: CEPE.

VALCARCE FERNÁNDEZ, Margarita (2006). Guía de mediadores e mediadoras con perspectiva de género-Gemio. O Barco. Fundación Comarcal Valdeorras.

VALCARCE FERNÁNDEZ, Margarita (2006). *Xénero e Emprego* en CID FERNÁNDEZ, X. Manuel: Repensar a educación e a sociedade: Realidades e desafíos. Ourense. Universidade de Vigo.

Recursos e fontes de información complementaria

BARBERA, E. (1998): *Psicología del género*. Barcelona. Ariel Psicología.

Centro "Empleo de Mujeres jóvenes" (1991): *Encuentro Internacional Mujer Joven y Empleo*. Cuadernos de trabajo, Madrid, 4-6 abril 1991.

ESPIN, J., RODRIGUEZ MORENO, M^a L. et al. (1995): *Análisis de los recursos educativos desde la perspectiva no sexista*. Barcelona. Laertes Edidiciones.

ICEI (2002): *Instrumentos jurídicos para la igualdad entre las mujeres y hombres en el ámbito laboral*. Instituto Complutense de Estudios Internacionales, Universidad Complutense de Madrid. Cdrom.

INSTITUTO DE LA MUJER (1999): *La situación de la mujer en la toma de decisiones*. Madrid. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

SEBASTIAN RAMOS, A. (coord.). (2003): *Orientación profesional. Un proceso a lo largo de la vida*. Madrid. Dykinson.

<http://www.edu.xunta.es/> (Consellerías-Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais - Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional).

Enlace no que atopar a información relativa a Orientación nos centros de secundaria, na Comunidade Autónoma de Galicia.

<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/orientacion/>:

web do MEC, na que pode atoparse información sobre: apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, orientación académica e profesional, acción tutorial e desenvolvemento persoal do profesorado.

<http://www.orientaeduc.com/>:

software libre creado por distintos autores e autoras que poñen o seu coñecemento e traballo relacionado coa orientación, á disposición de todo o mundo.

<http://www.brujulaeducativa.com/>:

documentos sobre o Sistema Educativo, sobre os Itinerarios de Estudos, os Departamentos de Orientación, as Tutorías, as Necesidades Educativas Especiais, a Lexislación.....

<http://www.orientared.com/>:

sitio web dedicado á psicopedagogía e a orientación psicopedagóxica en Internet desenvolvido por un orientador escolar.

<http://www.educa.rcanaria.es/usr/lujose/>:

web persoal dun orientador, na que se pode atopar información de interese relativa ao Departamento de Orientación, probas, acción tutorial, etc.

<http://www.educa.rcanaria.es/orienta/scripts/default.asp>:

web do Goberno Canario para os equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos, na que se pode atopar información de interese relacionada coa Orientación e a titoría (altas capacidades, colaboración coa ONCE...)

http://ec.europa.eu/employment_social/gender_equality/index_en.html-
European Commission, Employment, Social Affairs & Equal Opportunities – GENDER
EQUALITY

http://ec.europa.eu/employment_social/equal/index_en.cfm-
European Commission, DG Employment, Social Affairs & Equal Opportunities – EQUAL
Initiative

http://www.coe.int/T/e/human_rights/equality/-
Concil of Europe, Equality between woman and men

http://www.oecd.org/departement/0,2688,en_2649_34541_1_1_1_1_1,00.html –
OECD Organisation for Economic co-operation and Development – Gender Equality

<http://www.iom.int/jahia/jsp/index.jsp>-
IOM Gender Mainstreaming effort. Organización Internacional para las migraciones.

12. RECOMENDACIÓNS

Cada alumno/a, deberá plantexarse ao principio da materia, o escenario profesional no que lle gustaría traballar, realizando diagnósticos educativos, co fin de facilitar a atención personalizada da docente ao aplicar a perspectiva de xénero na materia.